

7738 *ORDE APA/1083/2004, do 23 de abril, pola que se ditan disposicións para a aplicación do Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro, polo que se regula o réxime da taxa láctea. («BOE» 102, do 27-4-2004.)*

O Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro, polo que se regula o réxime da taxa láctea, na súa disposición derradeira segunda autoriza o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar cantas disposicións sexan necesarias e adoptar as medidas precisas para a súa aplicación e cumprimento, en particular para a modificación dos anexos, datas e prazos establecidos nel.

A disposición transitoria primeira do Real decreto 291/2004 establece que as autorizacións a compradores a 1 de abril de 2004 continuarán vixentes ata o 31 de marzo de 2005, data de finalización do período 2004-2005. Non obstante, para actuar como comprador nos períodos sucesivos, cómpre obter nova autorización. Para que as solicitudes de autorización como comprador de leite para os períodos 2005-2006 e seguintes se poidan tramitar e notificar aos interesados coa suficiente antelación ao inicio do período 2005-2006, considerouse necesario fixar unha data de finalización ao prazo da súa presentación.

Por outra parte, razóns técnicas aconsellan a adaptación de diversos anexos do citado real decreto.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Presentación de solicitudes de autorización polos actuais compradores.*

O prazo de presentación de solicitudes a que se refire o punto 1 da disposición transitoria primeira do Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro, polo que se regula o réxime da taxa láctea, rematará o 31 de xullo de 2004.

Artigo 2. *Substitución de anexos.*

Os anexos IX, XVII A, XVII C informatizado, XVII C (anverso e reverso), XVIII A, XIX B informatizado (reverso) e XXIV (reverso) do Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro, polo que se regula o réxime da taxa láctea, substitúense, respectivamente, polos que figuran no anexo desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*


Esta orde ministerial entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 23 de abril de 2004.

ESPINOSA MANGANA

a

ANEXO IX

 <p>MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN FONDO ESPAÑOL DE GARANTÍA AGRARIA</p>	<p align="center">COMUNICACIÓN OBRIGATORIA DO GANDEIRO PRODUTOR SOBRE CAMBIO DE COMPRADOR</p> <p align="center">PERÍODO DE TAXA LÁCTEA 20__ / 20__</p>	<p align="right">(Reservado para rexistro de entrada)</p>
---	--	---

Don/a _____ NIF nº _____

Domiciliado/a en _____

actuando en nome propio/en representación de (1) _____

con NIF _____ e domicilio social en _____ localidade _____

municipio _____ provincia _____ C.P. _____ teléfono _____

En cumprimento do establecido no artigo 11 do Real decreto polo que se regula o réxime da taxa láctea, poño no seu coñecemento que nesta data se rexistraron os seguintes movementos de compradores (altas/baixas) con entregas de leite durante o período.

ALTA DE COMPRADORES:

CIF/NIF	Nº rexistro comprador	Apelidos e nome ou razón social.	Data da primeira entrega

BAIXA DE COMPRADORES:

CIF/NIF	Nº rexistro comprador	Apelidos e nome ou razón social.	Data da última entrega

Declaro que os datos arriba consignados son certos, someténdome aos controis e a facilitar os documentos xustificantes e os datos que consideren necesarios as autoridades competentes.

En _____, o __ de _____ de 20__

Asdo.: _____

ANEXO XVII C informatizado

DESEÑO DE REXISTRO PARA A CARGA AUTOMÁTICA DE REXISTROS MENSUAIS E ANUAIS DE VENDAS A CLIENTES.

Tipo de ficheiro: arquivo de texto (caracteres ASCII) de lonxitude fixa.

Nomenclatura do ficheiro: A17IIINNNNNNNNNMMMAA.TXT

Sendo:

A17III	Seis caracteres fixos que indican que contén información relativa ao anexo XVII C do Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro.
NNNNNNNNN	CIF/NIF do comprador autorizado que rexistra a declaración anual. En caso de tratarse dun NIF, axustaranse con ceros á esquerda os oito primeiros caracteres correspondentes ao DNI.
MM	Mes, en número, da declaración. Se é unha declaración mensual, axustado con cero á esquerda ata completar os dous caracteres. En caso de tratarse de declaración anual consígnanse dous ceros.
AA	Dous últimos díxitos do ano de inicio do período da declaración. Axustarase cun cero á esquerda se é menor de 10.

Deseño do rexistro: incluírase unha liña por cada cliente, en caso de tratarse de vendas de leite, ou por cada produto, en caso de tratarse doutros produtos lácteos, posicionando cada campo de acordo coa seguinte táboa:

Pos. inicio	Pos. final	Lonxit.	Campo / Observacións
1	1	1	Tipo de declaración (A=anual, M=mensual)
2	3	2	Mes, en número, da declaración. Só en caso de declaración mensual, axustado con cero á esquerda ata completar os dous caracteres. En caso de tratarse de declaración anual consígnanse dous espazos en branco ou dous ceros.
4	4	1	Letra do CIF do cliente. En caso de tratarse dun NIF, consígnase un cero. Só se indicará en caso de tratarse de vendas de leite.
5	12	8	DNI ou numeración do CIF do cliente. Axustarase con ceros á esquerda ata completar os oito caracteres. Só se indicará en caso de tratarse de vendas de leite.
13	13	1	Letra do NIF do cliente. En caso de tratarse dun CIF consígnase un espazo en branco. Só se indicará en caso de tratarse de vendas de leite.
14	53	40	Apelidos e nome do cliente, axustados con espazos á dereita. Só se indicará en caso de tratarse de vendas de leite.
54	93	40	Domicilio do cliente, axustado con espazos á dereita. Só se indicará en caso de tratarse de vendas de leite.
94	133	40	Localidade do cliente, axustada con espazos á dereita. Só se indicará en caso de tratarse de vendas de leite.
134	135	2	Código da provincia (só clientes de España). Axustarase con ceros á esquerda ata completar os dous caracteres. Só se indicará en caso de tratarse de vendas de leite.
136	140	5	Código postal (só clientes de España). Axustarase con ceros á esquerda ata completar os cinco caracteres. Só se indicará en caso de tratarse de vendas de leite.
141	143	3	Código de municipio (só clientes de España). Axustarase con ceros á esquerda ata completar os tres caracteres. Só se indicará en caso de tratarse de vendas de leite.
144	146	3	Código de país (España = "ES"). Axustarase con ceros á esquerda ata completar os tres caracteres. Só se indicará en caso de tratarse de vendas de leite.
147	161	15	Número de rexistro de comprador do cliente. En caso de non dispor deste número consígnase quince espazos. Só se indicará en caso de tratarse de vendas de leite.
162	211	50	Descrición do produto lácteo vendido, axustada con espazos á dereita. Só se indicará en caso de tratarse de vendas diferentes a leite.
212	221	10	Quilogramos de produto lácteo vendido sen decimais. Axustarase con ceros á esquerda ata completar os 10 caracteres. Só se indicará en caso de tratarse de vendas diferentes a leite.
222	225	4	Porcentaxe do contido medio de materia graxa de leite ou equivalentes en leite do produto vendido. Non se indicará carácter separador decimal e axustarase con ceros á esquerda ata completar os catro caracteres. Exemplos: <ul style="list-style-type: none"> • Indicarase 0345 para comunicar un M.G. do 3,45%. • Indicarase 0340 para comunicar un M.G. do 3,4%.
226	235	10	Quilogramos de leite ou equivalentes en leite do produto vendido, sen decimais. Axustarase con ceros á esquerda ata completar os 10 caracteres.
236	239	4	Ano de inicio do período de taxa láctea, con catro díxitos, por exemplo 2004, para o período que abrangue desde o 01/04/2004 ata o 31/03/2005.
240	240	1	Indicarase cun X, se se trata de venda de leite, neste caso terá que ter indicado os datos do cliente de destino. Consígnase un espazo en branco en caso de tratarse de calquera outro produto, neste caso non será necesario indicar os datos do cliente, pero haberá que indicar o produto vendido.

ANEXO XVII C (anverso)

FOLLA ADXUNTA 2 - DECLARACIÓN DE VENDAS DE LEITE A CLIENTES

ANUAL

MENSUAL

PERÍODO 20__/20__

MES _____

Páxina núm.

NIF/CIF	Apelidos e nome ou razón social do declarante	Nº RECAL	Suma anterior
---------	---	----------	---------------


RELACIÓN DE CLIENTES

Nº orde	Apelidos e nome ou razón social	Domicilio social	
Localidade	Municipio	Código postal	País
NIF/CIF	Nº RECAL	% de materia graxa	Quilogramos leite

Suma acumulada kg leite

--

ANEXO XVIII A
FOLLA RESUMO

IDENTIFICACIÓN DO DECLARANTE	 MINISTERIO DE AGRICULTURA PESCA e ALIMENTACION FONDO ESPAÑOL DE GARANTÍA AGRARIA		DECLARACIÓN ANUAL OBRIGATORIA DO USO DO LEITE OU EQUIVALENTES EN LEITE ADQUIRIDO. PERÍODO 20__/20__		
	(Espazo reservado para a etiqueta identificativa)				(Reservado para rexistro de entrada)
	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF		Nº DE RECAL
	DOMICILIO SOCIAL		TELÉFONO	FAX	Correo electrónico
LOCALIDADE		MUNICIPIO		PROVINCIA	CODIGO POSTAL

BALANCE DE LEITE E EQUIVALENTES DE LEITE NO PERÍODO

	LEITE		EQUIVALENTES EN LEITE		TOTAL
	Nº OPERADORES	KG	Nº OPERADORES	KG	KG
		A		B	A + B = 1
TOTAL EXISTENCIAS INICIAIS A 1 DE ABRIL					
		C			C = 2
TOTAL COMPRAS A PRODUTORES					
		D		E	D + E = 3
TOTAL COMPRAS A OUTROS PROVEDORES					
		F		G	F=G
TOTAL LEITE TRANSFORMADO					
		H		I	H + I = 4
TOTAL VENDAS A CLIENTES					
		J		K	J + K = 5
TOTAL EXISTENCIAS FINAIS A 31 DE MARZO					
		A+C+D-F-H = J		B+E+G-I= K	1+2+3-4 = 5

FOLLAS INTERIORES	A relación adxunta 1 de EXISTENCIAS DE ALMACÉN a 1 de abril comprende ____ follas que se xuntan segundo modelo do anexo XVIII B.
	A relación adxunta 2 de DESCRICIÓN DOS PRODUTOS ADQUIRIDOS comprende ____ follas que se xuntan segundo o modelo do anexo XVIII C.
	A relación adxunta 2 de DESCRICIÓN DOS PRODUTOS ELABORADOS comprende ____ follas que se xuntan segundo o modelo do anexo XVIII C.
	A relación adxunta 1 de EXISTENCIAS FINAIS DE ALMACÉNS a 31 de marzo comprende ____ follas que se xuntan segundo o modelo do anexo XVIII B.

D....., na súa calidade de,
 DECLARA: que todos os datos consignados nesta declaración son certos e completos, someténdose expresamente aos controis e a facilitar os documentos, xustificantes e datos en xeral relacionados con ela, que consideren necesarios as autoridades competentes.

En _____, o _____ de _____ de 20__

Asdo.:

FONDO ESPAÑOL DE GARANTÍA AGRARIA, R/ BENEFICENCIA, 8. MADRID – 28004.

a

ANEXO XIX B informatizado (reverso)**Ficheiro 2****Tipo de ficheiro:** arquivo de texto (caracteres ASCII) de lonxitude fixa.**Nomenclatura do ficheiro:** A19IINNNNNNNNNMMMAAF2.TXT**Sendo:**

A19II	Cinco caracteres fixos que indican que contén información relativa ao anexo XIX B do Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro.
NNNNNNNNN	CIF/NIF do comprador autorizado que rexistra a declaración mensual. En caso de tratarse dun NIF, axustarase con ceros á esquerda os oito primeiros caracteres correspondentes ao DNI.
MM	Mes da declaración. Axustarase cun cero á esquerda se é menor de 10.
AA	Dous últimos díxitos do ano da declaración. Axustarase cun cero á esquerda se é menor de 10.
F2	Dous caracteres fixos, que indican que contén a información do ficheiro 2 (detalle diario de entregas)

Deseño do rexistro: incluírase unha liña por cada entrega, posicionando cada campo de acordo coa seguinte táboa:

Pos. inicio	Pos. final	Lonxít.	Campo / Observacións
1	1	1	Letra do CIF do comprador que realiza a declaración. En caso de tratarse dun NIF, consignarase un cero, senón deberá coincidir coa consignada no nome do ficheiro.
2	9	8	DNI ou numeración do CIF do comprador. Axustarase con ceros á esquerda ata completar os oito caracteres. Deberán coincidir cos consignados no nome do ficheiro.
10	10	1	Letra do NIF do comprador. En caso de tratarse dun CIF, consignará un espazo en branco; senón, deberá coincidir coa consignada no nome do ficheiro
11	17	7	Código LETRAQ do centro de recollida. En caso de non se coñecer, consignar sete espazos en branco.
18	22	5	Código LETRAQ de ruta. En caso de non se coñecer, consignar cinco espazos en branco.
23	30	8	En caso de tratarse dunha ruta LETRAQ indicar a data de inicio de ruta en formato DDMMAAAA; senón, consignar oito espazos en branco.
31	31	1	En caso de tratarse dunha ruta LETRAQ indicar a letra do CIF do condutor, en caso de se tratar dun NIF consignarase un cero. Se non é unha ruta LETRAQ, consignarase un espazo en branco.
32	39	8	En caso de tratarse dunha ruta LETRAQ indicar o DNI ou numeración do CIF do condutor axustado con ceros á esquerda ata completar os oito caracteres. Se non é ruta LETRA, consignar 8 espazos en branco.
40	40	1	En caso de tratarse dunha ruta LETRAQ indicar a letra do NIF do produtor. En caso de tratarse dun CIF, ou de non ser unha ruta LETRAQ, consignarase un espazo en branco.
41	50	10	En caso de tratarse dunha ruta LETRAQ indicar a matrícula do camión; se non, consignar 10 espazos en branco.
51	57	7	Código LETRAQ da cisterna do camión. En caso de non se coñecer consignar sete espazos en branco.
58	58	1	Letra do CIF do produtor. En caso de se tratar dun NIF, consignarase un cero.
59	66	8	DNI ou numeración do CIF do produtor. Axustarase con ceros á esquerda ata completar os oito caracteres.
67	67	1	Letra do NIF do produtor. En caso de tratarse dun CIF consignarase un espazo en branco.
68	81	14	Código SIMOGAN da explotación.
82	82	1	Número de depósito da cisterna do camión. En caso de non se coñecer consignar un espazo en branco.
83	98	16	Código LETRAQ do tanque de frío da explotación. En caso de non se coñecer consignar 16 espazos en branco.
99	108	10	Litros de leite recollidos, sen decimais. Axustarase con ceros á esquerda ata completar os 10 caracteres.
109	122	14	Data e hora en que se efectuou a entrega, en formato DDMMAAAA HH:mm.
123	137	15	No caso de que se recollese mostra da entrega, indicarse un X maiúsculo axustado con espazos á dereita ata completar os 15 caracteres, ou, se se dispón, o seu código LETRAQ. En caso de que non se recollese mostra consignarase 15 espazos en branco.

ANEXO XXIV (reverso)

INSTRUCCIÓN

OPERACIÓN REALIZADAS NO PERÍODO E SUXEITAS A TAXA

Reflectirase o número de gandeiros produtores sobre os que practicou retención, por ter excedido a súa cantidade de referencia.

O detalle desagregado das operacións anteriores recollerase no modelo do anexo XXIII do Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro, polo que se regula o réxime de taxa láctea, que se debe enviar dentro dos 10 días naturais seguintes a cada ingreso, ao Fondo Español de Garantía Agraria, r/ Beneficencia 8, 28071-Madrid, xunto co orixinal deste documento debidamente dilixenciado pola entidade bancaria.

As retencións á conta da taxa láctea de acordo co artigo 31 do real decreto citado, aboaranse dentro do mes seguinte ao que correspondan.

(1) Reflectirase a suma das cantidades entregadas no mes considerado polos produtores que excedan a súa cantidade de referencia.

(2) Reflectirase o importe en EUROS das retencións practicadas aos produtores correspondentes aos quilos anotados en (1)

INGRESO

O ingreso efectuarase en metálico, transferencia bancaria, cheque conformado de entidade bancaria, cheque do Banco de España ou cheque do Banco Bilbao Vizcaya - Argentaria.